



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Agosto 2021

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Agosto 2021


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia un incremento do 12,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 16,4%.
- O Comercio incrementa a facturación o 8,5% e os Outros servizos o 22,2%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta un 2,6%, tanto en Galicia como en España, respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia un incremento do 12,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 4,1 puntos inferior á do conxunto do Estado, 16,4%.



O *Comercio*, cun crecemento do 8,5%, achega 5,9 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* incrementan a súa facturación o 22,2% e achegan 6,4 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* aumenta o 13,7% e nos *Outros servizos* o 21,8%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 10,6%, co que achega 4,5 puntos a taxa de variación do índice xeral, o *Comercio ao retalho* aumenta o 4,4% e achega 1,1 puntos e a *Venta e reparación de vehículos de motor* incrementa a súa facturación un 5,5%. A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 0,6%, o *Comercio por xunto* o 20,6% e o *Comercio ao retalho* o 5,3%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 22,2%. Os sectores que amosan mellor comportamento son: *Transporte*, cun crecemento do 27,8%, co que achega 4,1 puntos, *Hostalería*, na que aumenta a facturación un 20,8% e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* que crecen un 25,7%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 21,8%. Os sectores con maior crecemento son: *Transporte* (27,3%), *Hostalería* (44,8%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (32,5%).

Nos oito primeiros meses do ano, a facturación no sector servizos crece un 17,2% en Galicia. O *Comercio* crece un 15,1% e os *Outros servizos* un 23,4%. *Comercio por xunto* e *Transporte* son os sectores que máis repercuten no incremento do índice. En senso contrario, nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* diminúe a facturación, -1,3%.

En España a facturación no sector servizos aumenta un 14,0%; no *Comercio* crece un 15,3% e nos *Outros servizos* un 11,4%. Todos os sectores rexistran taxas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 50,0% no mes de agosto.

O sector que máis contribúe a este incremento é a *Hostalería* (22,2 puntos), cunha taxa do 41,7%.


Nos oito primeiros meses do ano, o índice rexistra unha taxa do 26,1%. O *Transporte* amosa a taxa máis alta, 32,2%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 10,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 48,3%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de agosto en todas as comunidades autónomas incrementan a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos rexístranse en Illes Balears (44,6%) e Canarias (26,4%). Os menores incrementos rexístranse en Murcia (5,8%) e Castilla – La Mancha (6,0%).

No que vai de ano, as taxas máis elevadas rexístranse en Galicia (17,2%) e Castilla y León (16,0%).

Índices de cifra de negocios. Agosto 2021


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta un 2,6% respecto ao mesmo período do ano anterior tanto en Galicia como en España.



O persoal ocupado aumenta un 1,2% no *Comercio* e un 3,7% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas. O maior incremento de emprego dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (9,7%).

En España, o persoal ocupado crece un 1,3% no *Comercio* e un 3,5% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas, rexistrándose o maior incremento de emprego nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (6,0%).

Nos oito primeiros meses do ano, a ocupación aumenta en Galicia o 0,6% mestres que diminúe en España (-0,1%). En Galicia o *Comercio* aumenta o persoal ocupado un 0,1% e os *Outros servizos* un 1,0%. A nivel nacional perden emprego tanto o *Comercio* como os *Outros servizos*, -0,2% e -0,1% respectivamente.

O maior incremento do emprego dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, 8,1% en Galicia e 3,9% en España. A maior caída rexístrase na *Hostalería*, -6,0% en Galicia e -5,6% en España.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de agosto con respecto ao mesmo mes do ano 2020. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (8,1%) e Murcia (4,7%). Os menores crecements danse en Canarias (0,1%) e Extremadura (0,8%).

No que vai de ano, as comunidades nas que máis aumenta o persoal ocupado son Castilla – La Mancha (1,5%) e Murcia (1,1%). Catro comunidades perden emprego: Canarias (-5,1%), Illes Balears (-3,3%), Castilla y León (-0,7%) e Cantabria (-0,3%).

Índices de persoal ocupado. Agosto 2021

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos

que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Agosto 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	127,3	12,3	17,2
Comercio	119,7	8,5	15,1
Venta e reparación de vehículos de motor	104,1	5,5	24,1
Comercio por xunto	120,9	10,6	17,0
Comercio ao retalho	120,2	4,4	7,8
Outros servizos	149,3	22,2	23,4
Transporte	187,0	27,8	38,9
Hostalería	144,6	20,8	10,1
Información e comunicacións	105,4	7,1	1,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	128,1	25,7	23,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,0	9,8	-1,3
España			
Xeral	112,5	16,4	14,0
Comercio	114,0	13,7	15,3
Venta e reparación de vehículos de motor	99,9	0,6	22,5
Comercio por xunto	118,9	20,6	17,5
Comercio ao retalho	108,6	5,3	8,7
Outros servizos	109,8	21,8	11,4
Transporte	114,6	27,3	14,7
Hostalería	130,5	44,8	22,5
Información e comunicacións	96,8	4,5	4,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	101,2	6,8	11,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	106,8	32,5	7,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Agosto 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	177,4	50,0	26,1
Comercio	120,2	7,7	15,6
Transporte	187,3	23,8	32,2
Hostalería	173,0	41,7	20,7
Información e comunicacións	106,1	5,1	0,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	131,7	29,5	20,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	183,3	59,5	19,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Agosto 2021

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	112,5	16,4	14,0
Andalucía	114,2	15,7	12,8
Aragón	114,8	13,2	14,4
Asturias	122,9	10,4	12,8
Balears, Illes	134,2	44,6	14,2
Canarias	108,4	26,4	5,3
Cantabria	138,4	7,9	13,6
Castilla y León	114,4	12,3	16,0
Castilla-La Mancha	121,1	6,0	14,1
Cataluña	105,2	15,7	14,1
Comunitat Valenciana	118,5	17,1	15,7
Extremadura	131,6	7,9	10,2
GALICIA	127,3	12,3	17,2
Madrid	108,2	19,2	15,2
Murcia	116,7	5,8	5,8
Navarra	120,0	12,0	13,3
País Vasco	106,4	13,6	14,6
Rioja, La	125,1	12,1	14,7

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Agosto 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	108,3	2,6	0,6
Comercio	109,7	1,2	0,1
Venta e reparación de vehículos de motor	100,2	2,2	-0,5
Comercio por xunto	122,0	1,0	0,9
Comercio ao retalho	104,6	1,2	-0,3
Outros servizos	107,1	3,7	1,0
Transporte	101,9	0,3	0,1
Hostalería	98,9	1,6	-6,0
Información e comunicacións	115,1	5,2	3,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	110,8	2,5	2,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,9	9,7	8,1
España			
Xeral	106,6	2,6	-0,1
Comercio	105,4	1,3	-0,2
Venta e reparación de vehículos de motor	104,6	0,6	-1,1
Comercio por xunto	106,9	0,7	0,2
Comercio ao retalho	104,5	1,8	-0,2
Outros servizos	107,3	3,5	-0,1
Transporte	106,8	1,1	-0,3
Hostalería	101,3	4,2	-5,6
Información e comunicacións	112,3	3,2	1,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,3	1,5	1,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	112,6	6,0	3,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Agosto 2021**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	106,6	2,6	-0,1
Andalucía	103,7	2,9	0,0
Aragón	110,0	2,5	0,1
Asturias	106,4	2,6	0,7
Balears, Illes	120,5	8,1	-3,3
Canarias	100,3	0,1	-5,1
Cantabria	110,5	3,1	-0,3
Castilla y León	102,9	1,1	-0,7
Castilla-La Mancha	108,2	3,8	1,5
Cataluña	109,1	3,0	0,2
Comunitat Valenciana	105,4	3,2	0,5
Extremadura	105,5	0,8	0,0
GALICIA	108,3	2,6	0,6
Madrid	105,5	1,6	0,1
Murcia	114,6	4,7	1,1
Navarra	106,3	3,2	0,3
País Vasco	103,2	1,8	0,3
Rioja, La	107,2	2,4	0,2

Fonte: INE